



ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 26 DE MARZO DE 2018.

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

Concelleiros:

María José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M^a Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M^a Hermo García (PSdG- PSOE)

Luis García Gacifo (PSdG- PSOE)

M^a Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

M^a Ánxela Franco Pouso (BNG)

David Barrio Alonso (BNG)

Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **20:50 horas** do día **26 de marzo de 2018**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúnese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria e urxente**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA.

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

2.- Ratificación da resolución da Alcaldía de solicitude de subvención ao Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDEA), "Mellora eficiente do alumado público do Concello de Porto do Son".

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Sr. Alcalde- Presidente somete a votación a ratificación da urxencia da sesión.

O Pleno Corporativo, trala votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP) e con seis (6) abstencións (2 Portodos+ 2 PSdG- PSOE+ 2 BNG), polo tanto co quórum de maioría absoluta, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **RATIFICA a urxencia da sesión.**

2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO PARA LA DIVERSIFICACIÓN Y AHORRO DE ENERGÍA (IDEA), "MELLORA EFICIENTE DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE PORTO DO SON".

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Alcaldía, que é do seguinte teor literal:

"PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: Ratificación da resolución da Alcaldía da solicitude de subvención ao Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE), "Mellora eficiente do alumado público do Concello de Porto do Son"

José Luis Oujo Pouso, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son,

Visto o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favoreza o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, publicada no BOE nº 144, do 17 de xuño de 2017

Visto o Decreto da Alcaldía nº 468 de 17/07/2017 no que solicita subvención ao Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE), "Mellora eficiente do alumado público do Concello de Porto do Son", por importe de 370.000 €, co seguinte plan de financiamento:



- Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE): 296.000 €
- Concello de Porto do Son: 74.000 €
- Orzamento total: 370.000 €

Visto o requirimento de subsanación do IDAE de data 15/03/2018 no que se require diversa documentación, entre ela: certificación acreditativa do acordo do Pleno Municipal que aprobe, de forma expresa, todos e cada un dos puntos establecidos no artigo 12.4.a) do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, no prazo máximo de 15 días naturais

Pola presente,

PROPOÑO Ó PLENO DA CORPORACIÓN

PRIMEIRO.- Ratificación da resolución da Alcaldía nº 468 de 17/07/2017 da solicitude de subvención ao Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE), "Mellora eficiente do alumado público do Concello de Porto do Son".

Porto do Son, a 22 de marzo de 2018.

O Alcalde,
Asdo. José Luis Oujo Pouso"

D^a. Josefa M^a Hermo García pregunta se a achega municipal de 74.000 euros ao proxecto coincide coa partida do mesmo importe que figura nos Orzamentos.

D^a. María José Maneiro Quintáns responde afirmativamente.

D^a. Josefa M^a Hermo García di que, logo, non concordan as cifras pois nos Orzamentos só hai 70.000 euros.

D^a. María José Maneiro Quintáns explica que na partida hai 70.000 euros e o restante crédito figura na bolsa de vinculación, na que hai dotación de sobra.

D^a. Josefa M^a Hermo García pregunta por que, sendo así, non se consignaron 74.000 euros.

D^a. María José Maneiro Quintáns responde que hai crédito suficiente nos Orzamentos e que a consignación de 70.000 euros respondeu a unha estimación que se fixo.

D^a. Josefa M^a Hermo García sinala que non lle cadran as datas pois o requirimento do IDAE é do 15 de marzo e o Pleno convocouse o xoves pasado. Engade que o goberno municipal tamén ten que contar cos grupos da oposición.

D^a. M^a Asunción Torres Parada sinala que desde o seu grupo apoian os proxectos de desenvolvemento sustentable, polo que apoiarán a proposta xa que proxecto lles parece bo. Conclúe indicando que lles gustaría que o goberno municipal presentase unha proposta para estudar a incidencia do gas radón.

D^a. María Ánxela Franco Pouso di que no seu grupo concordan coas intervencións anteriores, pero lamenta que, tendo transcorrido case un ano desde a solicitude da subvención, non tivesen contado cos grupos políticos da oposición, aínda que os plenos sexan cada 2 meses.

A Sra. Franco Pouso apunta que non entende como na solicitude non se tivo en conta toda a documentación detallada na convocatoria e engade que este acordo podería terse incluído na sesión ordinaria do mes de marzo. Tamén sinala que debería haber máis detalle no relativo á consignación orzamentaria e que a memoria descritiva que se lles remitiu está incompleta, polo que pregunta se a redactou unha empresa ou o concello.

D^a. María José Maneiro Quintáns contesta que a memoria descritiva se achegou coa documentación da sesión e que a redactou o arquitecto técnico D. Manuel Sabín Sabín.

D^a. María Ánxela Franco Pouso pregunta canto custou a redacción da memoria.

D^a. María José Maneiro Quintáns responde que non custou nada, pois fíxose cando esa persoa estaba contratada como técnico polo concello.

D^a. María Ánxela Franco Pouso pregunta se poden ter acceso a esa documentación.

D^a. María José Maneiro Quintáns indícalle que eses documentos se remitiron coa documentación da sesión.

De seguido, a Sra. Maneiro Quintáns le os requisitos para solicitar a subvención ao IDAE que constan no real decreto de convocatoria, e explica que a solicitude se acordou por resolución da Alcaldía, que é o órgano que ten atribuída a representación da Corporación, o 17 de xullo de 2017, e que non tiveron novas sobre o procedemento ata o 15 de marzo pasado, cando lles remitiron unha solicitude de aclaracións sobre 3 aspectos. En relación a un deles, a competencia do órgano que solicitou a axuda, remitiúselle ao IDAE un informe de Secretaría indicándolle que o órgano competente para solicitar a axuda era a Alcaldía, e por ese motivo se tardou en convocar a sesión do Pleno. Perante estes feitos, había dúas opcións: que o Pleno tomase o acordo que se propón ou manter a postura que consideran que é correcta pero arriscarse a perder unha subvención que consideran moi importante, posto que os aforros previstos son de 80.000 euros xa no primeiro ano.

D^a. Josefa M^a Hermo García di que o grupo socialista vai apoiar a proposta pois non tería senso oporse a ese tipo de investimentos. Tamén pregunta de que área do concello depende a subvención que se solicita.

D^a. María José Maneiro Quintáns responde que á Área de Obras e Servizos.

D^a. Josefa M^a Hermo García sinala que, por tratarse dun proxecto de eficiencia enerxética, afectaría tamén á Concellería de Medio Ambiente.

O Sr. Alcalde- Presidente intervén para apuntar que non entende a pregunta, xa que a subvención é para o concello.

D^a. Josefa M^a Hermo García apunta que a pregunta é importante pois ese concelleiro cobra 150 euros semanais por asistir ás Xuntas de Concelleiros Delegados.

O Sr. Alcalde- Presidente di que, como dixo a Sra. Hermo García, non hai "rodillo" nin a quen pasarllo, e pídelle que non critique posto que afirmou que ía apoiar a subvención.

D^a. Josefa M^a Hermo García menciona que, se se fixesen as cousas ben, nos Orzamentos figuraría unha partida de 74.000 euros para o proxecto.



O Sr. Alcalde- Presidente pídelles á voceira socialista que explique como procedería ela.

D^a. Josefa M^a Hermo García pídelles ao Sr. Alcalde que non os tome por parvos e dílle que non conseguirá anulalos.

D. Luis García Gaciño fai uso da palabra e dílle ao Sr. Alcalde que, mal que lle pese, hai que dar explicacións e se lle molesta que non se entendan as explicacións que dá pode ser culpa de quen non sabe dalas.

O Sr. García Gaciño pide que, cando se licite o proxecto, non se faga como en Boiro, onde non sabía o que eran os lúmenes, e que se teña coidado se se adxudica á oferta máis barata pois se non se instalan as luminarias máis adecuadas a cada punto de luz pode haber problemas. Engade que non se trata dunha crítica, senón que pide que se preste atención para escoller a luminaria máis axeitada.

Alcalde- Presidente explica que as adxudicacións se realizan sobre as puntuacións determinadas nunhas bases e de acordo cos criterios dos técnicos.

D. Luis García Gaciño reitera a súa petición de que se escollan ben as luminarias.

D^a. María Ánxela Franco Pouso apunta, ao fío do indicado polo Sr. García Gaciño, que cando se actuou nas luminarias da estrada AC- 550 houbo problemas e semellaba que non había luz. Tamén pregunta cando se contrataría a obra, posto que parece que se conta coa subvención.

Remata pedíndolle ao Sr. Alcalde que explique por que non inclúe na orde do día das sesións as mocións urxentes dos grupos da oposición, o que cualifica de falta de respecto.

D^a. María José Maneiro Quintáns, en relación coa mencionada actuación na estrada AC- 550, explica que ao mudar as luminarias de sodio polas de led diminúe a luminosidade.

O Sr. Alcalde- Presidente puntualiza que non se perde luminosidade senón que a de led é unha luz menos direccional.

D^a. María Ánxela Franco Pouso afirma que había menos luz na subida ao Outeiro.

O Sr. Alcalde- Presidente explica que, nese caso, se optara por apagar as luminarias instaladas nos edificios e que, logo das queixas dos veciños, se volveron a acender. Menciona, tamén, que o que discutía co Sr. García Gaciño era o procedemento de licitación e non o tipo de luminarias.

D. Luis García Gaciño intervéen para sinalar que no proxecto unicamente se contempla unha luminaria estándar e debería instalarse unha axeitada a cada zona; pide que se tome en consideración ese aspecto.

O Sr. Alcalde- Presidente responde que se terá en conta.

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde- Presidente dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por unanimidade (7 PP+ 2 PSDG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG)**, polo tanto co **quorum da maioría absoluta**, sendo **trece (13)** o número legal de membros da Corporación, **APROBA a proposta** nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **20:30 horas** do día **26 de marzo de 2018**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE.



Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO, que da fe



Asdo. José Manuel González García